

O sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas

en Galicia

SIXPAC



XUNTA DE GALICIA



SIXPAC





¿Que é o SIXPAC?



O Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) é o novo sistema de identificación de parcelas agrícolas en España que SE UTILIZARÁ PARA SOLICITUDES DE AXUDAS DA PAC que requiran declarar superficies. Para esta finalidade concreta substitúe ao Catastro.

O USO DO SIXPAC É OBRIGATORIO DENDE O 1 DE XANEIRO DE 2005 nas declaracións de superficies de, entre outras, as seguintes axudas:

- Axudas por superficies a determinados cultivos herbáceos (cereais, oleaxinosas, proteaxinosas ou leguminosas gran).
- Declaración de superficies forraxeiras para a determinación do “factor de densidade” en determinadas primas gandeiras (extensificación, nutrices e xatos).
- Indemnización compensatoria en zonas desfavorecidas ou de montaña.
- Axudas agroambientais.
- Axudas á forestación de terras agrarias (primas de mantemento e/ou compensatorias e novas forestacións).

Non obstante, para as axudas relacionadas coa superficie vitivinícola poderase seguir utilizando o Rexistro Vitivinícola como sistema de identificación de parcelas.

¿QUE INFORMACIÓN SE PODE CONSULTAR NO SIXPAC?

O SIXPAC facilita a seguinte información:

- Fotografías aéreas do terreo (ortofotos), que en Galicia foron obtidas durante os anos 2002 e 2003.



- A división parcelaria, normalmente de acordo co catastro que existira no ano 2003 ou 2004. (Na fotografía, as liñas en cor amarela).



- A división de cada parcela en partes ("RECINTOS") que teñen un uso oficial SIXPAC distinto. (Na fotografía, as liñas en cor vermella).



- As referencias numéricas de identificación de cada parcela e recinto, e as súas superficies oficiais en SIXPAC. Non obstante, non hai datos relativos á titularidade.



- Pódense tamén medir as superficies ou as distancias que se desexen.



¿QUE "USOS SIXPAC" SE CONSIDERAN PARA DIFERENCIAR OS "RECINTOS" DUNHA PARCELA?

A división de cada parcela en recintos con distintos USOS ESTABLES (é dicir, que non varíen de xeito doado dun ano para outro) é un elemento básico do SIXPAC. A asignación de usos estableceuse por fotointerpretación das fotografías aéreas e utilizando tamén outra información.

Un uso SIXPAC, por exemplo, é "TERRA ARABLE", que é o mesmo que dicir "zona de cultivo" ou "labradío". Desta maneira aínda que unha mesma parte dunha parcela se semente de millo e o ano seguinte se sementen patacas ou pradería temporal, poderemos dicir que a mesma parte da parcela continúa sendo "terra arable" e que, polo tanto, non variou o recinto.

Pola contra, non é moi frecuente arrancar unha viña e transformala en labradío. Cando isto ocorrese diríamos que o uso SIXPAC pasou de ser "VIÑEDO" a ser "TERRA ARABLE".

A lista completa dos 22 usos estables definidos en España no SIXPAC para delimitar os recintos é a que figura neste cadro:

	USO SIXPAC	CÓDIGO
	FORESTAL	FO
	PASTO ARBUSTIVO	PR
	PASTO CON ARBOREDO	PA
	PASTEIRO	PS
	TERRA ARABLE	TA
	HORTA	TH
	INVERNADOIROS	IV
Cultivos leñosos	FRUTAL	FY
	VIÑEDO	VI
	ASOCIACIÓN FRUTAL / VIÑEDO	VF
	CÍTRICOS	CI
	OLIVEIRAL	OV
	ASOCIACIÓN OLIVEIRAL / FRUTAL	OF
Improductivos	AUGA	AG
	EDIFICACIÓNS	ED
	IMPRODUCTIVO	IM
	VIAIS	CA
	ZONA DE CONCENTRACIÓN	ZC
	ZONA URBANA	ZU
	ZONA CENSURADA	ZV

A consulta do SIXPAC en Internet

2

¿COMO SE PODE CONSULTAR O SIXPAC?

O SIXPAC pódese consultar en Internet mediante unha aplicación informática de moi doada utilización: o "VISOR" do SIXPAC. Co Visor pódese obter toda a información que se mencionou anteriormente.

Hai dúas direccións de Internet para acceder directamente ao Visor do SIXPAC de Galicia:

- A dirección da Xunta de Galicia, para ver o territorio galego:

www.xunta.es/conselle/ag/fogga/sixpac/visor

- A dirección do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, onde se pode consultar información SIXPAC de calquera zona de España: sigpac.mapa.es/cibeles/visor/

The screenshot displays the SIXPAC web application interface. At the top, there is a header with the logos of the Xunta de Galicia, FOGGA (Foro Galego de Ganadería Agraria), and SIXPAC. The main area features a topographic map of Galicia, showing various regions and municipalities. A sidebar on the right contains several sections: 'Búsquedas' (Searches), 'MÁSCARA' (Mask) with a checked 'TOPOGRAFICO' option, 'CAPAS' (Layers), 'SELECCIÓN' (Selection), and 'ÁREA VISUALIZADA' (Visualized Area) with the following data: Area: 7859704.57 ha, COORDENADAS UTM (X: 745038.97, Y: 4680310.90, Huso: 29). The bottom of the interface includes a navigation toolbar and a scale bar.

¿ONDE SE PODE CONSULTAR O SIXPAC EN INTERNET?

Aqueles agricultores que non teñan medios propios para acceder a Internet nin contan coa existencia dalgún establecemento próximo que facilite esa conexión (locais específicos para consulta de Internet, locutorios telefónicos, cibercafés, etc), poden dirixirse para consultar o SIXPAC en Internet aos seguintes lugares:

- A Casa do Concello respectiva.
- As oficinas provinciais e comarcais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e da Consellería de Medio Ambiente.
- As entidades relacionadas co sector agrario.



¿COMO SE PODE LOCALIZAR UNHA PARCELA CO "VISOR"?

Hai dúas maneiras para localizar unha parcela co Visor:

- 1) Indicando as súas referencias identificativas no SIXPAC, que normalmente coinciden coas referencias no catastro que se utilizara para elaborar o SIXPAC (ano 2003 ou 2004, segundo o concello). Este é o xeito máis doado de localizar a parcela, pois aparecerá directamente a súa fotografía.
- 2) Mediante aproximacións sucesivas da imaxe, visualizando primeiro unha zona ampla que coñezamos e logo desplazándoa e aumentando a imaxe ata chegar á parcela de que se trate. Utilizaremos este sistema cando non dispoñamos das referencias identificativas da parcela.



¿QUE INFORMES SE PODE OBTER CO "VISOR" RELATIVOS A UNHA PARCELA?

Co Visor é posible obter distintos informes relativos a parcelas concretas. O tipo de informe máis completo é unha ficha como a do seguinte exemplo:

SIXPAC		Datos identificativos SIXPAC																										
		Provincia: 15 - A CORUÑA																										
		Concello: 30 - FRADES																										
		Agrupación: 0 Zona: 0 Polígono: 502 Parcela: 279																										
Coordenadas UTM do cadastro	X: 555574,48	Data de voo da fotografía do centro da parcela: 05/03/03																										
	Y: 4767242,71	Ano da renovación catastral: 2003																										
	HUSO: 29	Data de inscrición: 22/12/2004																										
		Escala aproximada de impresión: 1:2000																										
Información Alfanumérica SIXPAC asociada á parcela: 279																												
<table border="1"> <thead> <tr> <th>RECINTO</th> <th>USO</th> <th>SUPERFICIE (ha)</th> <th>INCIDENCIAS (1)</th> <th>COEF. REGADÍO</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>1</td> <td>TERRAS ARABLES</td> <td>1,2088</td> <td>11</td> <td></td> </tr> <tr> <td>2</td> <td>FORESTAL</td> <td>5,7638</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>3</td> <td>IMPRODUCTIVOS</td> <td>5,0198</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>4</td> <td>IMPRODUCTIVOS</td> <td>5,0433</td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>				RECINTO	USO	SUPERFICIE (ha)	INCIDENCIAS (1)	COEF. REGADÍO	1	TERRAS ARABLES	1,2088	11		2	FORESTAL	5,7638			3	IMPRODUCTIVOS	5,0198			4	IMPRODUCTIVOS	5,0433		
RECINTO	USO	SUPERFICIE (ha)	INCIDENCIAS (1)	COEF. REGADÍO																								
1	TERRAS ARABLES	1,2088	11																									
2	FORESTAL	5,7638																										
3	IMPRODUCTIVOS	5,0198																										
4	IMPRODUCTIVOS	5,0433																										
<small>(1) A descripción das incidencias SIXPAC aparecen no menú de Análise do Visor SIXPAC</small>																												
Superficie Total parcela:		2,0354	Nº Olivos Parcela: 0																									
RESUMO DE SUPERFICIES POR USO SIXPAC																												
USO		SUPERFICIE (ha)																										
TERRAS ARABLES		1,2088																										
IMPRODUCTIVOS		5,0433																										
FORESTAL		5,7638																										
PÁGINA 1 DE 1																												

Na parte esquerda desta ficha, antes da imaxe, indícase que a fotografía foi obtida en xuño de 2003 e que nese concello (Frades) a última renovación importante do catastro fixose en 2003. Na imaxe, no centro de cada recinto identifícase éste cos seus números (por exemplo, 279:1 é o recinto 1 da parcela 279).

A información alfanumérica do recinto 1 na parte dereita da ficha indica que ten unha superficie de 1,2088 hectáreas, que o uso é terra arable e que o sistema de explotación é secaño (coeficiente de regadío en branco: 0).



3

A declaración de superficies co SIXPAC nas axudas da PAC: novidades



- □
-
-


A declaración das parcelas agrícolas co SIXPAC nas declaracións de superficies da PAC no ano 2005 e seguintes será moi parecida ás declaracións anteriores que se realizaban co Catastro. Pero haberá que ter en conta as seguintes diferencias:

- Para cada produto que se declare dentro dunha parcela **HABERÁ UNHA LIÑA DISTINTA CORRESPONDENTE A CADA RECINTO**. É dicir, ademais do número de parcela haberá que indicar o número do recinto dentro dela e, en vez da superficie total da parcela, **ANOTARASE A SUPERFICIE OFICIAL DO RECINTO EN SIXPAC**.
- Para poder declarar unha "superficie sementada" cun produto determinado dentro dun recinto, haberá que coñecer o uso SIXPAC correspondente a ese recinto, pois **EXISTIRÁN INCOMPATIBILIDADES ENTRE DETERMINADOS PRODUCTOS E DETERMINADOS USOS SIXPAC**.

Por exemplo, se temos unha parcela de 1 hectárea na que hai dous recintos, o primeiro con 0,6 hectáreas clasificadas como "terra arable" e o segundo con 0,4 hectáreas clasificadas como "forestal", entón poderemos declarar que sementamos millo unicamente no recinto número 1 e cunha superficie sementada máxima de 0,6 hectáreas. A superficie sementada exacta dentro do recinto, caso de que éste non se semente completo, poderá calcularse de forma sinxela co Visor medindo nel a parte que se vaia sementar co produto de que se trate, que neste exemplo é millo.



Cambios no SIXPAC: “alegacións” do agricultor e “solicitudes de modificación”



OS SOLICITANTES DE AXUDAS DA PAC PODERÁN PRESENTAR “ALEGACIÓN” AO SIXPAC PARA QUE SE CORRIXAN POSIBLES ERROS NA ASIGNACIÓN DE USOS que estean relacionados coas parcelas obxecto das súas declaracións, de acordo co procedemento que se estableza para ese efecto.

Por outra parte, os usos SIXPAC pretenden reflectir a realidade do terreo en cada momento nas parcelas obxecto de declaración na PAC, polo que AS ALTERACIÓN DOS USOS estables considerados que se produzan nesas parcelas TAMÉN DEBEN SER COMUNICADAS POLOS AGRICULTORES á Administración mediante as correspondentes “solicitudes de modificación do SIXPAC” .

As alegacións e as solicitudes de modificación presentaranse na Oficina Agraria Comarcal á que pertenza a explotación agraria.

NON SE CONSIDERARÁN, EN XERAL, alegacións ou solicitudes de modificación do SIXPAC relativas aos límites das parcelas ou á súa dimensión, aínda que se produciran cambios no Catastro pois, dado que o SIXPAC non contén datos relativos á titularidade, a non actualización inmediata desas modificacións catastrais non impide declarar na PAC toda a superficie á que se teña dereito (aínda que sexa sobre máis dunha parcela do SIXPAC).

A actualización no SIXPAC das modificacións habidas no parcelario do Catastro producirase de oficio pola Administración coas RENOVACIÓNS periódicas do SIXPAC, momento no que se realizarán tamén novas fotografías aéreas que permitirán verificar a correcta posta ó día dos usos dos recintos.





NORMATIVA REGULADORA

Real Decreto 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.

Orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, de xaneiro de 2005, pola que se regula a solicitude, no ano 2005, de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria e se establece o Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas en Galicia.

MÁIS INFORMACIÓN

No Centro de Información ao Agro Galego (CIAG). Tfno: 902.112.000.

Nos Servizos Provinciais do FOGGA e nas Oficinas Agrarias Comarcais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Nos Servizos Provinciais de Montes e Industrias Forestais e nos Distritos Forestais da Consellería de Medio Ambiente.

Na seguinte dirección de internet:

www.xunta.es/conselle/ag/fogga/